886 111 003
ies.guia@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/
Avda. Dona Fermina, nº 1 - 36207 Vigo



# CONVOCATORIA DE PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NA UNIVERSIDADE DE GALICIA 23-24

➔ **PRAZO DE PREINSCRIPCIÓN DA CONOVATORIA ORDINARIA: ATA O 1 DE XULLO.**

➔ **DATA DO PRIMEIRO LISTADO DE ADMITIDOS: 9 DE XULLO.**



Podedes consultar todo o procedemento de preinscripción e matrícula na web da CIUG.

## 1. Prazos xerais de preinscripción:

- **Preinscripción na convocatoria Ordinaria (do 19 de xuño ao 1 de xullo ata as 14h**). Para quen superástedes a ABAU na convocatoria ordinaria.
- **Preinscripción na convocatoria Extraordinaria (do 17 de xullo ao 22 de xullo ata as 14h).** Para os da convocatoria extraordinaria.

O 19 de xullo publícanse na web da CIUG as prazas que quedan vacantes.

*NOTA: Existen outros prazos especiais, pero non encaixan coas vosas circunstancias.*

As datas de preinscripción son as mesmas para todo o sistema universitario galego. Podedes consultalas no seguinte documento.

## CALENDARIO ACCESO 2024 (Resume provisorio)

| Preinscrición para o acceso e Matrícula | |
|---|---|
| Preinscrición anticipada (persoas tituladas de anos anteriores e estudantado con Bacharelato ou FP superado en anos anteriores e que non se examinaron en 2024) | 12 xuño - 1 xullo (ata ás 14:00h. |
| Preinscrición da Convocatoria Ordinaria (todas as cotas, agás persoas tituladas) | 19 xuño - 1 xullo (ata ás 14:00h. |
| Prazo límite para que o estudantado poidan comunicar erros na gravación de datos (especialmente os erros nas cualificacións) | 4 de xullo (ata ás 14:00h. |
| Preinscrición para persoas tituladas (tituladas en cursos anteriores ou no actual) | 14 a 26 xullo (ata ás 14:00h.) |
| Preinscrición da Convocatoria Extraordinaria (persoas que non solicitaron na ordinaria) | 17 a 22 xullo (ata ás 14:00h) |
| Solicitude de Admisión (Prescrición) para alumnado que realizou as ABAU, en setembro, fóra da C.A. de Galicia. Será convocado do 2 ao 5 de outubro. | 23 a 27 setembro (ata ás 14:00h.) |

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
A GUÍA Instituto de Educación Secundaria
886 111 003
ies.guia@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/
Avda. Dona Fermina, nº 1 - 36207 Vigo

## 2. Procedemento de preinscripción:

A solicitude faise a través de NERTA.

Debedes cumplimentar a solicitude online en NERTA, onde poderedes indicar **ATA 5 TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS DIFERENTES, CUN MÁXIMO DE 10 PETICIÓNS** no caso de que se impartan en máis dun centro de Galicia.

Ante calquera dúbida, consultade:

- CONVOCATORIA DE PREINSCRIPCIÓN
- PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE O ACCESO

Revisade o seguinte vídeo, onde se explica **PASO A PASO A PREINSCRIPCIÓN:**






886 111 003
ies.guia@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/
Avda. Dona Fermina, nº 1 - 36207 Vigo



## 3. Criterios de adxudicación das prazas e reserva para colectivos específicos:

Podedes consultar as normas de adxudicación de prazas na convocatoria.

### Reserva de prazas:

Probas de acceso **>25** (2%); proba **>45** (2%); **discapacidade** ≥ 33% (5%); **deportistas de alto nivel ou rendemento** (3%, 8% no caso de CAFD e Fisioterapia**); titulados universitarios** (1%).

### Orde de adxudicación de prazas:

1. Quen cumpra os requisitos na convocatoria ordinaria do ano en curso e anos anteriores.
2. Estudantes que cumpran os requisitos de acceso na convocatoria extraordinaria do ano en curso.

OLLO ALUMNADO CICLOS: se tendes dúas vías de acceso (Bacharelato e FP), marcade as dúas vías de acceso e NERTA elexirá a vía que máis vos conveña para acceder.

## 4. Prazos de matrícula:

Publicación datas de matrícula

**Chamamentos de Matrícula nas Universidades do SUG 2024**

| Convocatoria | Prazo | Data listaxe | | Datas de Matrícula | Mes |
|---|---|---|---|---|---|
| Ordinaria | 1º | 9 | | 10 – 11 | Xullo |
| | 2º | 15 | | 16 – 17 | |
| | 3º | 19 | | 20 – 22 | |
| Ordinaria - Extraordinaria | 4º | 24 | | 25 – 26 | |
| | 5º | 29 | | 30 – 31 | |
| | 6º | 3 | | 4 – 5 | Setembro |
| Convocatorias por Vacantes (datas orientativas) | 7º | 10 | | 11 - 12 | |
| | 8º | 24 | | 25 - 26 | |
| | 9º | 11 | | 12 - 14 | Outubro |

**CONVOCATORIA POR VACANTES** (12 xullo a 13 de outubro):
No caso de que se produzan vacantes en titulacións xa pechadas convocarase ao estudantado que lle corresponda, aínda que xa estean matriculados noutra titulación, para matricularse nos prazos de matrícula ordinarios (2ª, 3ª, 4º, 5º e 6º) ou nas convocatorias específicas (7ª, 8º, 9º, ….).

**OLLO!**

A partir do 9 de xullo iníciase os chamamentos. Tendes que consultar o correo electrónico que indicarades en NERTA, **TODOS OS DÍAS.**



## 5. Procedemento de matrícula:

Consultar procedemento de matrícula.

Trala preinscripción, **haberá 6 adxudicacións** de listados de admitidos (os chamamentos). Os 3 últimos chamamentos inclúen ao alumnado da convocatoria extraordinaria.

**Tras cada listado, hai 2 días para realizar a matrícula.**

Os listados de espera consúltanse en NERTA.

### Casos que se poden dar:

1. Se sodes convocados para matricularvos na 1ª titulación por preferencia, TENDES QUE FACER A MATRÍCULA. Do contrario, perderedes todos os vosos dereitos. **OLLO**: Enténdese por primeira preferencia aquela que o alumnado solicitou no primeiro lugar ou en lugares sucesivos no caso de agotarse as prazas ("pechada") das titulacións solicitades nas anteriores preferencias.
2. Se sodes convocados para matricularvos nunha titulación de menor preferencia, podedes optar por facer a matrícula ou confirmar lista de agarda das titulacións con maior preferencia:
    a. Se vos matriculades, a matrícula será firme e non teredes oportundiade de cambiar a outra titulación.
    b. Se agardades, podedes agardar a matricularvos nunha titulación de maior preferencia ata o peche da matrícula nesta, o que se anunciará coa publicación dos seguintes listados de admitidos e agarda. Neste caso será necesario confirmar que desexades seguir en lista de agarda da titulación/s de maior preferencia.



### Cando hai que confirmar que se desexa seguir en lista de agarda?

En NERTA, tras cada chamamento, durante os días que dura o prazo de matrícula para esa quenda.

886 111 003
ies.guia@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/
Avda. Dona Fermina, nº 1 - 36207 Vigo



## Chamamentos por vacantes:

O alumnado que estea en lista de agarda tras o peche dunha titulación continuará en lista de agarda, e ainda poden ser convocados pese que estiveran matriculados noutra titulación.

É dicir, ainda poden ser chamados en caso de haber vacantes. Serán convocados por correo electrónico e deberán responder en 48horas ou perderán todos os dereitos de seguir no proceso.

Este procedemento durará ata o 15 de outubro.

## Formalización da matrícula

Online, pero NON en NERTA. Será a través dos enlaces de cada universidade:

UDC: matrícula universidade da Coruña

Uvigo: matrícula universidade de Vigo

USC: matrícula universidade de Santiago

Aquí podedes consultar a oferta de prazas.

**En caso de dúbida, podedes contactar coa CIUG, LERD ou UNIVERSIDADES:**

- CIUG: 881 971 006
- Uvigo: 986 812 000
- UDC: 981 167 000
- USC: 881 811 000

### LERDs (Lugares de Entrega e Recollida de Documentación)

**LERD 1**
Campus de Santiago de Compostela
881 814 538
881 814 530
sxa@usc.es
Máis información

**LERD 2**
Campus de Lugo
982 823 552
sxa.lugo@usc.es
Máis información

**LERD 3**
Campus de Elviña
881 011 964 1192/1190/1961
lerdcoruna@udc.es
Máis información

**LERD 4**
Campus de Ferrol
881 013 650
881 013 675
lerdfer@udc.es
Máis información

**LERD 5**
Cidade de Vigo - SIE
986 813 630
986 813 755
sie@uvigo.gal
Máis información

**LERD 6**
Campus de Ourense
988 387 102
asc-ou@uvigo.es
Máis información

**LERD 7**
Campus de Pontevedra
986 801 949
asc-po@uvigo.es
Máis información